

Aprobado un novo subsidio para aquelas persoas que agotasen a súa prestación ou subsidio entre o 14 de marzo e o 30 de xuño. Aberto o **prazo de solicitude ata o 30 de novembro**

O RDL 32/2020 (BOE 04/11/2020) aproba un conxunto de novas prestacións e axudas por desemprego, entre elas, o novo subsidio especial por desemprego.

REQUISITOS das persoas solicitantes:

a) Ter extinguido por agotamento, entre o 14 de marzo de 2020 e o 30 de xuño de 2020, ambos inclusive, algunha das seguintes prestacións:

1. A prestación contributiva por desemprego
2. Un subsidio por desemprego ordinario.
3. O subsidio extraordinario por desemprego SED.
4. A Renta Activa de Inserción (RAI).

b) Estar en desemprego total e inscrito/a como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego (apuntado no paro).

c) Carecer del derecho a la protección por desempleo de nivel contributivo o asistencial regulada en el título III del texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social o a calquera das axudas ou prestacións enumeradas no apartado 2.a).

d) Non ser beneficiarios de renda mínima, renda de inclusión, salario social ou axuda análoga concedida por calquera Administración Pública (Estado, Comunidades Autónomas, Provincias ou concellos).

e) En caso de ter traballado por conta allea despois de rematar a prestación ou subsidio, ter cesado neste traballo con situación legal de desemprego.

f) Non ter cumprida a idade que se esixa para acceder a pensión de xubilación, nas súas modalidades contributiva ou non contributiva.

COMO SOLICITALO:

- En liña:
https://sede.sepe.gob.es/contenidosSede/generico.do?pagina=/contenidos/sede_virtual/sv00A1.html

De maneira presencial:

- A través de cita previa:
https://sede.sepe.gob.es/contenidosSede/generico.do?pagina=proce_ciudadanos/cita_previa.html
- Enviando o modelo oficial de solicitude por rexistro:
<https://www.sepe.es/HomeSepe/COVID-19/subsidio-especial-desempleo.html>

DURACIÓN E CONTÍA

A duración será de **3 meses** e non poderá percibirse en máis dunha ocasión.

A contía do subsidio será igual ao 80% del Indicador Público de Renta de Efectos múltiples (IPREM) vixente e o pago realizarase polo SEPE a partir do mes seguinte da solicitude.